

9S2931150

11/2009

**ESCRITURA DE ELEVACION A PÚBLICO DE ACUERDOS  
SOCIALES.** -----

**NUMERO CUATROCIENTOS NUEVE.** -----

En Silleda, mi residencia, a veintiséis de marzo de dos mil diez. -----

Ante mí, **MANUEL BARROS GALLEGO**, Notario del Ilustre Colegio de Galicia, -----

-----**COMPARECE**-----

**DOÑA PALOMA HIDALGO LÓPEZ**, mayor de edad, directiva, divorciada, vecina a estos efectos en el Recinto Ferial, s/n de Silleda (36.540), provincia de Pontevedra y provista del D.N.I./N.I.F. número 10.821.716-D. -----


-----**INTERVIENE**-----

En nombre y representación de la **FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA**, con domicilio en Silleda, provincia de Pontevedra, C/Recinto Ferial, S/N. Y con C.I.F. G-36.155.208. Constituida en virtud de escritura de fundación, autorizada por el que fue Notario de Silleda, Don Juan Cora Guerreiro, el día

dieciséis de marzo de mil novecientos noventa y uno, con el número 218 de protocolo; posteriormente modificados sus estatutos en virtud de escritura de elevación a público de acuerdos sociales, autorizada por el que fue Notario de Silleda, Doña Fátima Vázquez Espiérrez, el día doce de febrero de mil novecientos noventa y ocho, con el número 142 de protocolo; posteriormente modificados sus estatutos en virtud de escritura de elevación a público de acuerdos sociales, autorizada por el que fue Notario de Silleda, Don Rafael González Gozalo, el día treinta de diciembre de dos mil dos, con el número 854 de protocolo; y posteriormente modificados sus estatutos y elevados a públicos ciertos acuerdos en virtud de escritura de elevación a público de acuerdos sociales, autorizada por el Notario de Silleda Don Manuel Barros Gallego, el día quince de septiembre de dos mil seis, con el número 1.139 de protocolo; y posteriormente modificados sus estatutos y elevados a públicos ciertos acuerdos en virtud de escritura de elevación a público de acuerdos sociales, autorizada por el Notario de Silleda Don Manuel Barros Gallego, el día veinticinco de septiembre de dos mil ocho, con el número 1.177 de



CON SELLO FUENTE



9S2931149


11/2009

protocolo; y posteriormente elevados a públicos ciertos acuerdos en virtud de escritura de elevación a público de acuerdos sociales, autorizada por el Notario de Silleda Don Manuel Barros Gallego, el día hoy, con el número 1.303 de protocolo; y posteriormente elevados a públicos ciertos acuerdos en virtud de escritura de elevación a público de acuerdos sociales, autorizada por el Notario de Silleda Don Manuel Barros Gallego, el día de quince de octubre de dos mil ocho, con el número 1.304 de protocolo; y posteriormente elevados a públicos ciertos acuerdos en virtud de escritura de elevación a público de acuerdos sociales, autorizada por el Notario de Silleda Don Manuel Barros Gallego, el día de once de febrero de dos mil nueve, con el número 142 de protocolo. La Fundación figura inscrita en el Registro de Fundaciones de Interés Gallego, con el número 1991-5, en la sección de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas e Xustiza, según resulta de certificación expedida

por el Jefe del Servicio de apoyo a la administración institucional y corporativa de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas e Xustiza de la Xunta de Galicia, de fecha de veintitrés de septiembre de dos mil ocho, que resulta incorporada a la escritura autorizada por el Notario de Silleda Don Manuel Barros Gallego, el día veinticinco de septiembre de dos mil ocho, con el número 1.177 de protocolo. Sus fines son contribuir al desenvolvimiento del sector agrario gallego, a través de actividades feriales y de mercados agropecuarios; promover la cooperación publico-privada en el desenvolvimiento de actividades feriales y promocionales en el mundo agrario, alimentario, industrial y comercial con el objeto de impulsar la mejora continua de los mencionados sectores; reforzar la posición estratégica de Galicia como plataforma ferial para el desenvolvimiento de grandes eventos sectoriales de ámbito estatal e internacional; el impulso y promoción del Recinto Ferial de Galicia en Silleda como un enclave estratégico para el desenvolvimiento socioeconómico de Galicia, y en particular, como infraestructura de promoción y exposición comercial. Manifiesta dicho representante que



GOBIERNO DE GALICIA



9S2931148

11/2009

los datos reseñados de identificación de la compañía, y en especial el objeto social y el domicilio, no han variado respecto de los consignados en los documentos fehacientes reseñados. -----

Ejerce esta representación en su calidad de Directora General de la Fundación Semana Verde de Galicia, cargo para el que fue nombrada en reunión del Patronato de fecha de treinta de diciembre de dos mil ocho, según resulta de escritura de elevación a público de acuerdos sociales, autorizada por el Notario de Silleda Don Manuel Barros Gallego, el día de once de febrero de dos mil nueve, con el número 142 de protocolo; y actúa en ejercicio de las funciones que a su cargo corresponden según el artículo 27 de los estatutos de la Fundación y de las facultades conferidas en la referida escritura de la que resulta su nombramiento. Las escrituras de las que resulta su denominación, forma jurídica, domicilio y objeto social, así como de las que se deriva dicha representación figuran en el protocolo


de mi cargo, y figuran inscritas en el Registro correspondiente, según resulta de la que manifiesta es certificación expedida en fecha de quince de enero de dos mil diez por la Jefa de Servicio de Registro y Asesoramiento de Entidades Corporativas y de Derecho Privado, de la que incorporo testimonio a la presente, juzgo bastante para los actos jurídicos comprendidos en este documento público, según la calificación del mismo por mí, el Notario, efectuada, aseverándome por quien comparece como representante la vigencia e ilimitación de la representación alegada, y que no ha variado ni el estado ni la capacidad de la parte representada.-----

-----**IDENTIFICACION - CAPACIDAD - CALIFICACION**

Le identifico por exhibición de su Documento Nacional de Identidad. Tiene a mi juicio, capacidad legal suficiente para otorgar esta escritura de **ELEVACION A PUBLICO DE ACUERDOS SOCIALES**, y-----

-----**EXPONE**-----

I.- Que en la reunión del Patronato de fecha de tres de septiembre de dos mil nueve se acordó la modificación de los Estatutos de la Fundación; dicha modificación fue autorizada por el Consello da Xunta de Galicia en reunión celebrada en fecha de



9S2931147

11/2009

once de marzo de dos mil diez. Todo ello en los términos que resultan de la que manifiesta es certificación expedida por el Secretario del Patronato, cuya firma considero legítima por coincidir con la que figura en el protocolo de mi cargo, con el Visto Bueno del Presidente, y del que manifiesta es testimonio de la certificación de la reunión de dicho Consello, los cuales se incorporan a la presente.-----

II.- Visto lo que antecede,-----

-----O T O R G A-----

Eleva a público el acuerdo contenidos en las actas de referencia, en especial la modificación estatutaria expuesta, cuyo contenido resulta de las certificaciones reseñadas y se da aquí por reproducido, para evitar repeticiones innecesarias.-----

Se incorpora asimismo, en consecuencia, el texto consolidado de los estatutos.-----

-----AUTORIZACION-----


Hago a la señora compareciente las reservas y

advertencias legales, en especial las de carácter fiscal, la obligación de autoliquidar, el plazo para ello y la afección de los bienes al pago del impuesto del estado.-----

De acuerdo con lo establecido en la Ley Orgánica 15/1999, el compareciente queda informado y acepta la incorporación de sus datos (y la fotocopia del documento identificativo, en los casos previstos en la ley) a los ficheros automatizados existentes en la Notaría, que se conservarán en la misma con carácter confidencial, sin perjuicio de las remisiones de obligado cumplimiento a las Administraciones Públicas que estipula la Ley y, en su caso, al Notario que suceda al actual en la plaza. Su finalidad es realizar la formalización de la presente escritura, su facturación y seguimiento posterior y las funciones propias de la actividad notarial. La identidad y dirección del responsable es la siguiente: Manuel Barros Gallego, Avenida del Parque, número 33-1º C-Silleda (Pontevedra), donde podrá ejercitar sus derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición.-----

Leo íntegramente esta escritura a la señora compareciente, tras advertirle del derecho a hacer-





9S2931146

11/2009



lo por sí, manifiesta su conformidad y firma conmigo, el Notario, que DOY FE de que el consentimiento ha sido libremente prestado y de que el otorgamiento se adecua a la legalidad y a la voluntad debidamente informada del otorgante o intervinientes, así como de cuanto aparece consignado en este instrumento público extendido en cinco folios de papel exclusivo para documentos notariales, serie 9S, el presente número y los CUATRO siguientes en orden correlativo, de la misma serie, DOY FE.-----


Sigue la firma de la compareciente. Signado y firmado: MANUEL BARROS GALLEGO. Rubricado y sellado.-----

**APLICACION ARANCEL**

**DISPOSICION ADICIONAL 3ª LEY 8/89**

**DOCUMENTO SIN CUANTIA**

SIGUEN LOS DOCUMENTOS UNIDOS





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E  
XUSTIZA  
Secretaría Xeral

María Amadora Rodríguez Carreira, xefa do Servizo de Rexistro e Asesoramento de Entidades Corporativas e de Dereito Privado


**CERTIFICA:**

Que segundo os datos que constan neste Rexistro, a Fundación Semana Verde de Galicia foi constituída en escritura pública de data 16 de marzo de 1991, clasificada por Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública de 9 de xullo de 1991, e declarada de interese galego por Orde da mesma Consellería de 10 de xullo de 1991, figurando inscrita no Rexistro de fundacións de interese galego, Sección da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza co número 1991/5.

Que constan así mesmo inscritos na folia de rexistro da fundación, os seguintes documentos:

Escritura pública de 25-09-2008, outorgada en Silleda ante o notario Manuel Barros Gallego, con número de Protocolo 1177, na que consta a modificación dos estatutos da fundación.  
Escritura pública de 15-10-2008, con núm. de protocolo nº 1303, na que consta a constitución da comisión executiva e delegación de facultades  
Escritura pública de 15-10-2008, con nú. de protocolo 1304 na que consta delegación de representación da comisión executiva en favor do presidente e do vogal primeiro.  
Escritura pública de 11-02-2009, núm. de protocolo 142, na que consta o cordo do padroado de nomeamento de Paloma Hidalgo López como Directora Xeral da Fundación e atribución de facultades por parte da Comisión executiva.

Para que así conste e a solicitude da Directora Xeral da Fundación, expido a presente certificación en Santiago de Compostela a quince de xaneiro de dous mil dez.





9S2931145

11/2009



D. Luís Vázquez Forno, en calidade de Secretario do Padroado da Fundación do sector público de Galicia: **Fundación Semana Verde de Galicia,**

**CERTIFICO**

Que na reunión do Padroado da Fundación Semana Verde de Galicia celebrada o 3 de Setembro de 2009, validamente constituída por concurrencia do quórum legal estatutario esixido, adoptouse por unanimidade o acordo de Modificar Parcialmente os Estatutos Sociais, en canto o artigo 12, coa nova redacción resultante da modificación acordada:

**Artigo 12. Composición e designación dos membros do Padroado**

Forman parte do Padroado:

- O Presidente da Fundación e seis patronos en representación da Xunta de Galicia, designados por acordo do Consello da Xunta de Galicia
- Un patrono en representación do Concello de Silleda, designado polo órgano competente do mesmo
- Dous patronos en representación da Deputación de Pontevedra, designados polo órgano competente da mesma
- Dous patronos en representación da Asociación Ferial Semana Verde de Galicia, designado polo órgano competente da mesma
- Un patrono en representación de Caixanova, designado polo órgano competente da mesma.

O Padroado designará de entre os seus membros un Vicepresidente, elixido por maioría absoluta dos seus membros.

Asistirá o Padroado un Secretario, non patrono, que será un Letrado designado pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia. O Secretario poderá asistir as reunións do Padroado con voz, pero sen voto.

E para que así conste, expido e firmo a presente certificación, co VºPº do Presidente D. Alfonso Rueda Valenzuela, en Silleda, a 15 de Febreiro de 2010

D. Luís Vázquez Forno  
Secretario

VºPº

D. Alfonso Rueda Valenzuela  
Presidente

FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA 36540 SILLEDA - Pontevedra - España  
Tel +34 666 677000  
Fax +34 986 680865  
<http://www.fsvr.galicia.com>  
email: [info@fsvr.galicia.com](mailto:info@fsvr.galicia.com)  
Dº 636155203





XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, E SECRETARIO DO  
CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA.

**CERTIFICA:**

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día once de marzo de dous mil dez adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Autorizar a modificación do artigo 12 dos estatutos da Fundación Semana Verde de Galicia que se xunta como Anexo".

E para que conste asina a presente, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a once de marzo de dous mil dez.

Vº e Prace  
O Presidente

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA  
SECRETARÍA XERAL

Sr. D. Alfonso Rueda Valenzuela  
Com. de Presidencia e Xustiza  
Com. de Presidencia e Xustiza  
Com. de Presidencia e Xustiza



9S2931144

11/2009



XUNTA DE GALICIA

ANEXO

**MODIFICACIÓN DO ARTIGO 12 DOS ESTATUTOS DA  
FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA**

**“Artigo 12. Composición e designación dos membros do Padroado.**

Forman parte do Padroado:

- O Presidente da Fundación e seis patróns en representación da Xunta de Galicia, designados por acordo do Consello da Xunta de Galicia.
- Un patrón en representación do Concello de Silleda, designado polo órgano competente do mesmo.
- Dous patróns en representación da Deputación de Pontevedra, designado polo órgano competente da mesma.
- Dous patróns en representación da Asociación Feiral Semana Verde de Galicia, designados polo órgano competente da mesma.
- Un patrón en representación de Caixanova, designado polo órgano competente da mesma.

O Padroado designará de entre os seus membros un Vicepresidente, elixido por maioría absoluta dos seus membros.

Asistirá ao Padroado un Secretario, non patrón, que será un Letrado designado pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia. O Secretario poderá asistir ás reunións do Padroado con voz, pero sen voto.”



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XERARDA  
SECRETARÍA XERAL

se  
com este

10 MAR 2009



Grupos de traballo de carácter  
o número de...

**ESTATUTOS DA FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA**

**CAPÍTULO PRIMEIRO**

**Disposicións xerais**

**Artigo 1. Denominación e natureza.**

Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, coa denominación de "Fundación Semana Verde de Galicia", constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, constituída sen ánimo de lucro, o patrimonio da cal está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

**Artigo 2. Personalidade e capacidade.**

A Fundación constituída, unha vez inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar en consecuencia todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento



9S2931143

11/2009

xurídico.

**Artigo 3. Réxime.**

A Fundación ten carácter permanente e a súa duración será indefinida.

A Fundación rexeráse polos presentes estatutos, polos Regulamentos que regulen a súa organización, funcionamento e ordenación das diferentes actividades, así como palas disposicións legais que resulten de aplicación, en concreto, pala Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; polo Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego en todo aquilo que non se opoña á lei anterior, ou no seu caso palas disposicións que as substitúan.

Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións, pola Lei 49/2002, de 23 de decembro de Réxime Fiscal das Entidades sen fins

Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, e polo R.D. 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do Réxime Fiscal das Entidades sen fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, así como para demais normativa que resulte de aplicación.

**Artigo 4. Domicilio.**

A Fundación Semana Verde de Galicia terá o seu domicilio en Silleda (Pontevedra) Recinto Feiral s/n.

O padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con inmediata comunicación ao protectorado, na forma prevista na lexislación vixente.

**Artigo 5. Ámbito de actuación.**

A Fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, podendo non obstante actuar para a realización dos seus fins fundacionais en calquera





9S2931142

11/2009

ámbito xeográfico que estime oportuno.

## CAPÍTULO SEGUNDO

### Obxecto da fundación

#### Artigo 6. Fins.

Son fins da fundación:

- Contribuír ao desenvolvemento do sector agrario galego, a través de actividades feirais e de mercados agropecuarios.

- Promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no eido agrario, alimentario, industrial e comercial co obxecto de impulsar a mellora continua dos devanditos sectores.

- Reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacionais.

- O impulso e promoción do Recinto Feiral de Galicia en Silleda como un enclave estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia, e en

particular, como infraestructura de promoción e exposición comercial.

**Artigo 7. Actividades fundacionais.**

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

-Organización de actividades feirais, expositoras e promocionais relacionadas cos sectores agrario e industrial de Galicia, ben directamente ou ben en colaboración con administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas, con especial mención, neste último caso, á Asociación Feiral Semana Verde de Galicia.

-Colaboración co sector público e privado na realización de eventos sectoriais, exposicións e lonxas de contratación, que contribúan ao cumprimento dos fins fundacionais.

-Facilitar a implantación de actividades económicas públicas, privadas ou mixtas baixo o



9S2931141

11/2009

régime de concertación, dentro das súas instalacións e terreos, que contribúan de forma significativa á elevación do nivel económica da zona e á viabilidade económica da fundación.

-Prestación de servizos e aportación de medios técnicos e instalacións do Recinto Feiral de Galicia en Silleda en orde ao impulso e mellora da posición estrutural dos sectores agroalimentario e industrial, e así mesmo, en orde á garantía da viabilidade económica da fundación, mediante a posta en valor das instalacións da mesma, para a mellora da xestión económico-administrativa e o mellor aproveitamento do patrimonio da fundación.

-Apoio e difusión de boas prácticas que contribúan a mellorar o dinamismo e rendabilización do sector feiral de Galicia, e en particular, a avaliación e redución do impacto negativo do mesmo no medio ambiente.

-Patrocinio do certame anual "Semana Verde de Galicia" e suscripción de convenios de colaboración

e patrocinio con aquelas entidades públicas o privadas que contribúan de forma significativa ao cumprimento dos fins fundacionais, con especial mención, neste último caso, á Asociación Feiral Semana Verde de Galicia.

**Artigo 8. Liberdade de actuación.**

O padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da fundación, tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento, baixo criterios de imparcialidade, non discriminación e sostenibilidade.

**CAPÍTULO TERCEIRO**

**Regras básicas para a aplicación dos recursos ao cumprimento dos fins fundacionais e para a determinación dos beneficiarios**

**Artigo 9. Destino das rendas e ingresos.**

Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, o setenta por cento dos



9S2931140

11/2009

resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, debéndose destinar o resto a incrementar a dotación fundacional ou a reservas segundo acordo adoptado polo padroado. Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación.

Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na normativa vixente.

**Artigo 10. Beneficiarios.**

Serán beneficiarios da Fundación con carácter xenérico as persoas físicas e xurídicas que realicen ou estean interesados nas actividades a desenvolver pola Fundación.

A determinación dos beneficiarios será efectuada polo padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación.

A título enunciativo poden citarse entre os beneficiarios: os agricultores, as empresas, os

seus traballadores e familias, e en xeral, todo o sector económico galego, con especial atención ao sector agrícola, gandeiró e forestal, e en definitiva o conxunto da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **CAPITULO CUARTO**

##### **Goberno da fundación**

##### **Artigo 11. Natureza.**

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxección ao disposto no ordenamento xurídico e nos presentes estatutos.

**Artigo 12. Composición e designación dos membros do Padroado.**

Forman parte do Padroado:

-O Presidente da Fundación e seis patróns en representación da Xunta de Galicia, designados por acordo do Consello da Xunta de Galicia.

-Un patrono en representación do Concello de



9S2931139

11/2009

Silleda, designado polo órgano competente do mesmo.

-Dous patronos en representación da Deputación de Pontevedra, designados polo órgano competente da mesma.

-Dous patronos en representación da Asociación Feiral Semana Verde de Galicia, designados polo órgano competente da mesma.

-Un patrono en representación de Caixanova, designado polo órgano competente da mesma.

O Padroado designará de entre os seus membros un Vicepresidente, elixido por maioría absoluta dos seus membros.

Asistirá ao Padroado un Secretario, non patrón, que será un Letrado designado pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia. O Secretario poderá asistir ás reunións do Padroado con voz, pero sen voto.

**Artigo 13. O Presidente.**

Ao Presidente correspóndelle exercer a representación da fundación ante toda clase de

persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; convocará as reunións do padroado, presidiráas, dirixirá os seus debates, dirimindo co seu voto os empates nas votacións, e, se é o caso, executará os acordos, podendo para isto realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin.

**Artigo 14. O Vicepresidente.**

Corresponderá ao Vicepresidente realizar as funcións do Presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, podendo actuar tamén en representación da Fundación, naqueles supostos en que así se determine por acordo do Padroado.

**Artigo 15. O Secretario.**

Son funcións do Secretario custodiar a documentación pertencente á Fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do Padroado, expedir as certificacións e informes que sexan necesarios, e todas aquelas que expresamente lle sexan atribuídas.





9S2931138

11/2009

DOCUMENTO

Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, o secretario será substituído polo vocal de menor idade do Padroado.

**Artigo 16.** *Nomeamento e substitución de patróns.*

Os patróns designados por razón do cargo, desempeñarán o mesmo dende a aceptación e durante o período do seu mandato. A súa substitución ven determinada polo desempeño do cargo que lle atribúe a condición de membro do padroado.

Os patróns designados pola Asociación Feiral Semana Verde de Galicia, desempeñarán as súas funcións no período que se determine pola mesma.

A substitución dos patróns comunicaráselle formalmente ao protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións.

**Artigo 17.** *Aceptación do cargo de patrón.*

Os patróns entrarán a exercer as súas funcións despois de teren aceptado expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar no outorgamento da

carta fundacional, en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un fedatario público, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou perante o Padroado, acreditándose mediante certificación expedida polo secretario.

A aceptación comunicarase formalmente ao protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

**Artigo 18. Cesamento dos patróns.**

O cesamento dos patróns da Fundación producirase nos supostos seguintes:

- a) Por morte ou declaración de falecemento, así como por extinción da persoa xurídica.
- b) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei.
- c) Por cesamento no cargo por razón do cal foron nomeados membros do padroado.
- d) Por non desempeñar o cargo coa dilixencia



9S2931137

11/2009

dun representante leal, se así se declara en resolución xudicial

e) Por resolución xudicial que acolla a acción de responsabilidade polos actos de responsabilidade establecidos legalmente

f) Polo transcurso do período do seu mandato se foren nomeados por un determinado tempo.

g) Por renuncia, que poderá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación.

A renuncia será efectiva desde o momento en que se lle notifique ao órgano de goberno da fundación, e deberá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previsto para a aceptación do cargo de patrón.

O cesamento dos patróns comunicarase formalmente ao Protectorado e inscribirase no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

**Artigo 19. Facultades do Padroado.**

Na súa actuación, o Padroado deberase axustar

ao preceptuado na lexislación vixente e á vontade do fundador manifestada nestes estatutos.

Corresponde ao Padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade.

Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se é o caso, as preceptivas autorizacións ao protectorado, a título meramente enunciativo, serán facultades do padroado:

a) Exercer a alta inspección, vixilancia e orientación da labor da fundación.

b) Interpretar e desenvolver os presentes estatutos e, se é o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.

c) Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as finalidades da fundación.



9S2931136

11/2009

d) Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ó protectorado.

e) Aprobar a plantilla de persoal e o sistema de retribucións de conformidade coa lexislación vixente.

f) Delegar as súas facultades en un ou máis patróns, sen que poidan ser obxecto de delegación:

-A aprobación das contas anuais e do plan de actuación.

-A modificación dos estatutos

-O acordo de fusión, extinción ou liquidación da fundación

-Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do protectorado

**Artigo 20. Reunións do padroado e convocatoria.**

O Padroado reunirse, polo menos, dúas veces ao ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da Fundación.

Corresponde ao Presidente convocar as reunións

por propia iniciativa ou a petición das 2/3 partes dos membros do Padroado.

A convocatoria faráselle chegar a cada un dos membros, polo menos, con dez días de antelación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción. Nela farase constar o lugar, día e hora de celebración da reunión, xuntándose, así mesmo, a orde do día e a documentación que acompañe á mesma

Non será precisa convocatoria previa cando se encontren presentes tódolos patróns e acorden por unanimidade a celebración da reunión.

**Artigo 21.** *Formas de deliberar e adoptar acordos.*

As reunións do Padroado entenderanse validamente constituídas cando concorran a elas, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos a metade máis un dos seus membros.

Os acordos do Padroado serán inmediatamente



9S2931135

11/2009

executivos e adoptaranse por maioría absoluta dos asistentes, e será dirimente en caso de empate o voto do presidente. Non obstante requirirase voto favorable das 2/3 partes sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta dos seus membros para aprobar acordos que se refiran á reforma ou modificación dos estatutos, á disposición de bens a título gratuito, á fusión e a extinción da Fundación,

Das reunións do Padroado levantarase polo Secretario a correspondente acta, que deberá ser subscribida por tódolos membros presentes e aprobada na mesma ou seguinte reunión. Unha vez aprobada, transcribirase no correspondente libro de actas e será asinada polo Secretario co visto e prace do Presidente.

**Artigo 22. Dereitos e aforros dos membros do padroado.**

Son dereitos dos membros do padroado:

a) Recibir a convocatoria coa orde do día e

asistir ás xuntanzas dos órganos dos que formen parte

b) Exercer o dereito de voto

c) Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.

Son deberes dos membros do padroado:

a) Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais

b) Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.

c) Asistir as xuntanzas do padroado e velar pola legalidade dos acordos que nelas se adopten

d) Realizar os actos necesarios para a inscrición da fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego

e) O padroado dará información suficiente dos fins e actividades da fundación para seren coñecidos polos seus eventuais beneficiarios e





9S2931134

11/2009

demais interesados.

**Artigo 23. Responsabilidades dos patróns.**

Os patróns deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.

Os patróns responderán solidariamente fronte á fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou ós estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que votasen en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecía a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos se opuxeron expresamente a aquel.

**Artigo 24. Carácter gratuito do cargo de patrón.**

Os patróns exercerán o seu cargo sen que, en ningún caso, poidan percibir retribución polo desempeño da súa función.

Os patróns terán dereito a seren reembolsados dos gastos debidamente xustificadas que o desempeño da súa función lles ocasione.

#### **CAPÍTULO QUINTO**

##### **O Director Xeral da Fundación**

##### **Artigo 25. O Director Xeral da Fundación.**

O Director Xeral da Fundación é o responsable das funcións ordinarias de administración e xestión da Fundación, exercendo as facultades delegadas polo Padroado e as previstas nestes Estatutos.

##### **Artigo 26. Nomeamento e cese.**

O Director Xeral da Fundación será nomeado polo Padroado, a proposta do Presidente do mesmo. Dito cargo poderá ser retribuído no marco dunha relación laboral.

O cese do mesmo producirase:

- a) Por morte ou declaración de pasamento.
- b) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo do establecido na lei.
- c) Por renuncia comunicada coas debidas



9S2931133

11/2009

formalidades.

- d) Por resolución xudicial firme.
- e) Polo transcurso do prazo para o que foi nomeado.
- f) Por acordo motivado do Padroado, a proposta do Presidente.

**Artigo 27. Funcións.**

Son funcións do Director Xeral da Fundación:

- a) Executar e facer cumprir os acordos do Padroado.
- b) A execución do Plan Estratéxico da Fundación e a avaliación dos seus resultados, dando conta ao Padroado.
- c) A xestión económica da Fundación, nos termos e condicións atribuídas polo Padroado.
- d) A xestión do persoal e a dirección administrativa da Fundación.
- e) Todas aquelas outras funcións atribuídas de forma expresa polo Padroado.

**CAPÍTULO SEXTO**

### **Réxime económico**

#### **Artigo 28. Patrimonio fundacional.**

O patrimonio da fundación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquiera a fundación con posterioridade á súa constitución, aféctense ou non á dotación.

Uns e outros deberán figurar a nome da fundación, constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións.

O padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.

#### **Artigo 29. Dotación da fundación.**

A dotación da fundación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da fundación e por aqueles outros que no sucesivo se acheguen con ese carácter.



9S2931132

11/2009

**Artigo 30.** Adscrición do patrimonio fundacional.

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ó cumprimento dos fins que a fundación persegue.

**Artigo 31.** Financiamento.

A fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que preveñan do rendemento do seu patrimonio e, se fora o caso, con aqueles outros procedentes das axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

A fundación poderá obter ingresos polas actividades que desenvolvan ou polos servizos que lles presten aos seus beneficiarios sempre que:

- a) Non desvirtúe o interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- b) Non sexan contrarios a vontade fundacional

c) Non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios

**Artigo 32. Réxime financeiro.**

O exercicio económico coincidirá co ano natural.

A fundación, ademais do libro de Actas, levará necesariamente un Libro Diario e un Libro de Inventarios e Contas Anuais, e aquel outros que sexan convenientes para o bo orde e desenvolvemento das súas actividades, así como para o adecuado control da súa contabilidade.

Na xestión económico-financeira, a fundación rexerese de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

**Artigo 33. Elaboración do Plan de actuación e presentación das Contas Anuais.**

O Padroado elaborará e remitirá ao Protectorado nos últimos tres meses de cada exercicio, un Plan de actuación no que se conteñan os obxectivos e as



952931131

11/2009

actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte.

O Padroado ou a persoa que este designe, formulará as contas anuais que deberán ser aprobadas polo padroado no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico! e presentaranse ante o Protectorado no prazo de vinte días hábiles seguintes á súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

As contas anuais, que comprenden balance, conta de resultados e memoria, forman unha unidade, deben ser redactadas con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación.

A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance e na conta de resultados, e incorporará un inventario dos elementos patrimoniais da fundación. Ademais, incluírase na memoria as actividades fundacionais ,

os cambios no órgano de goberno, dirección e representación, así como o grado de cumprimento do plan de actuación, indicando os recursos empregados, a súa procedencia, o número de beneficiarios en cada unha das distintas actuacións realizadas, os convenios que no seu caso se subscribiran con outras entidades para estes fins , así como o grado de cumprimento do destino de rendas e ingresos.

Se a fundación se encontra dentro dos requisitos legais establecidos, os documentos anteriores someteranse á auditoría externa, remitindo ao protectorado o informe da mesma xunto coas contas anuais.

#### **CAPÍTULO SÉTIMO**

##### **Da modificación, agregación ou extinción**

##### **Artigo 34. Modificación de estatutos.**

Por acordo do Padroado, poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente aos intereses da fundación e se cumpran





9S2931130

11/2009

os requisitos previstos na lexislación vixente. Procederáse a dita modificación cando as circunstancias que presidiron a constitución da fundación tiveran variado de tal maneira que a mesma non poda actuar satisfactoriamente de conformidade cos estatutos en vigor.

Para a adopción de acordos de modificación, será necesario o voto favorable das 2/3 partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do padroado.

A modificación ou nova redacción dos estatutos acordada polo Padroado deberá ser comunicada ao Protectorado, formalizada en escritura pública e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, previo cumprimento dos requisitos previstos na Lei 12/2006, do 1 de decembro.

**Artigo 35. Fusión.**

A Fundación poderase fusionar con outra ou outras, logo de acordo dos respectivos padroados.

O acordo de fusión deberá ser aprobado ca voto

favorable das 2/3 partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do padroado. A fusión requirirá comunicación ao Protectorado, formalización en escritura pública e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

**Artigo 36. Extinción da fundación.**

A Fundación extinguirase polas causas e de acordo cos procedementos establecidos pola lexislación vixente.

**Artigo 37. Liquidación e adxudicación.**

A extinción da Fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación que será realizada polo Padroado baixo o control do Protectorado.

Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse ás fundacións ou ás entidades non lucrativas privadas ou públicas que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens, mesmo para o suposto da súa disolución, á consecución daqueles, consideradas como entidades



9S2931129

11/2009

beneficiarias do mecenado aos efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, de 23 de decembro. Corresponde ao Padroado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

En todo caso, o previsto nos presentes estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que ao protectorado atribúe a lexislación vixente, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións a que a fundación expresamente se somete.

ES...

PRIMERA COPIA, exacta de su matriz, donde queda anotada y Yo, Notario titular, la expido para la **FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA**, en veintidós folios de papel de uso exclusivo para documentos notariales, serie 9S, el presente número y los veintiuno siguientes en orden correlativo. En Silleda, a veintinueve de marzo de dos mil diez. Doy fe.---



REXISTRO DE FUNDACION DE INTERESE GALEGO  
SECCION CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA  
**Dilixencia:** para facer constar que nesta data procédese á inscrición neste Rexistro, a modificación de estatutos da Fundación Semana Verde de Galicia

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2010

A encargada do Rexistro

María Amadora Rodríguez

